



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 4 de agosto de 2016
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 15.00 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora accidental, dona Adela Lamela Arteaga, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Autorización corta de arboredo no lugar de Vilar, polígono 516, parcela 883**
- 3. Xustificación subvención concedida por ABANCA para a promoción e difusión da “Festa da Filloa de Lestedo 2016”**
- 4. Xustificación subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia para a promoción e difusión da “Festa da Filloa de Lestedo 2016”**
- 5. Alta no servizo de xantar na casa**
- 6. Modificación da solicitude financiamento para a prestación dos servizos sociais comunitarios, ano 2016, acordada en Xunta de Goberno do 17 de marzo do 2016**
- 7. Inicio de contratación por urxencia do servizo de actividades físicas e deportivas do Concello de Boqueixón**
- 8. Modificación do importe do recibo da auga primeiro trimestre 2016 a nome de dona Elvira xxxxx**
- 9. Aprobación padrón fiscal do subministro de auga e saneamento do segundo trimestre do 2016**

- 10. Alta no servizo de abastecemento/saneamento**
- 11. Clasificación das ofertas para adxudicación obras POS 2016**
- 12. Punto de urxencia**
- 13. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓN

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de xullo do 2016.

2. Autorización corta de arboredo no lugar de Vilar, polígono 516, parcela 883

Antecedentes

Con data 15 de xuño do 2016 recíbese no concello con rexistro de entrada número 16/1203, un escrito presentado por don José Manuel xxxxx en representación de Xardíns Compostela SL, solicitando autorización para a corta de 7 (sete) eucaliptos para uso doméstico, existentes na parcela situada no lugar de Vilar, polígono 516, parcela 883, propiedade de Xardíns Compostela SL.

Previo requirimento de documentación (acreditación da representación) que se fixo con data 4 de xullo do 2016, rexistro de saída número 16/583, don José Manuel xxxxx presenta, con data 18 de xullo do 2016, número de entrada 16/1519, copia do CIF da entidade e copia dos estatutos da entidade, acreditando a representación.

Consideracións xurídicas

1º. A Lei 7/2012 de Montes de Galicia, no artigo 2 apartado 2, establece que non teñen a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) O solo urbano e o solo de núcleo rural.
- b) O solo urbanizable (“delimitado”).
- c) Os terreos de dominio público, agás os que integran o dominio público forestal.
- d) Os terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola.
- e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria.

2º. A Lei 2/2016 do Solo de Galicia, no artigo 142.2 apartado i, establece que están suxeitos a licenza municipal “a corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística”.

3º. Con rexistro municipal do 1 de agosto do 2016, número de entrada 16/1648, a técnica municipal emite o seguinte informe:

“Quen asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, S.A., empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); en relación coa solicitude de autorización para a talla de sete árbores, presentada por D. José Manuel xxxxx, en representación de Xardín Compostela, S.L.,

emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. DATOS CATASTRAIS.

Segundo os datos achegados, as árbores localízanse na seguinte finca:

Polígono	Parcela	Referencia Catastral	Superficie
516	883	15012B516008830000LX	7.218m ²



Datos catastrais non protexidos sobre ortofoto do PNOA 2014.

Segundo a documentación achegada, os exemplares que se quere tallar son sete eucaliptos dispersos na finca, localizados entre outras árbores frondosas, que non son obxecto de talla.

2. CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 32-17.02.2015, BOP 37-25.02.2015), ó abeiro da última redacción da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUPMRG). A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O solo sobre o que se localiza a parcela de referencia atópase clasificado polo PXOM como SOLO RÚSTICO nas categorías de ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA e DE INFRAESTRUTURAS.



Detalle do plano C-12 de clasificación do PXOM.

De acordo coa cartografía do PXOM e os datos catastrais dispoñibles, a vía que da fronte á parcela é de titularidade municipal; non obstante, a finca localízase na zona de afección do sistema xeral ferroviario, polo que, para as actuacións previstas precisará da autorización de ADIF.

Infórmase ós efectos oportunos.”

Á vista de todo o cal e tendo en conta, que a zona na que se sitúa a parcela está catalogada como solo rústico nas categorías de especial protección agropecuaria e de infraestruturas e consecuentemente non ten a consideración de monte ou terreo forestal, polo que corresponde ó concello a autorización para proceder coa corta, no seu caso.

Tendo en conta, así mesmo, que a parcela localízase dentro da zona de afección do sistema xeral ferroviario, é necesaria autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Autorizar a don José Manuel xxxxx á corta de sete eucaliptos existentes na parcela propiedade de Xardín Compostela SL sita na parcela situada no lugar de Vilar, polígono 516, parcela 883, coas seguintes condicións:

- a) Deberá adoptar as medidas de seguridade pertinentes encamiñadas a evitar danos ás persoas e ós vehículos que circulen pola estrada municipal.
- b) Debera solicitar e con carácter previo á corta autorización ó Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)
- c) Deberá deixar tanto á vía pública como á parcela en perfectas condicións e totalmente limpa.

2. A concesión desta autorización, non exime da obtención doutras autorizacións, que no seu caso sexan procedentes.

3.Xustificación subvención concedida por ABANCA para a promoción e difusión da “Festa da Filloa de Lestedo 2016”

Con data 26 de febreiro de 2016 publicouse no DOG nº 39 a Resolución do 17 de febreiro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2016.

No artigo 2, punto 4, detállase que a Axencia de Turismo de Galicia asinou un convenio marco coa entidade financeira Abanca para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido no dito convenio, Abanca comprométese a contribuir ao desenvolvemento das festas de interese turístico mediante a realización dunha achega económica por importe de 1.500 euros en concepto de colaboración, ás entidade públicas ou privadas promotoras das festas. Para formalizar esta colaboración asinou un protocolo de colaboración a tres entre Axencia de Turismo de Galicia, Abanca e o concello de Boqueixón con data do 26 de abril de 2016.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da colaboración económica concedida, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
- 2.- Aprobar a conta xustificativa da colaboración na que se fai constar os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

CONCEPTO	ACREEDOR	Nº FACTURA	IMPORTE	% IMPUTADO	DATA EMISIÓN	DATA RECOÑECE MENTO
Campaña Festa da Filloa	Cadena Cope	042-02-00165	2.117,50 €	100% 2.117,50 €	31/03/2016	10/05/16

- 3.- Aprobar a memoria descritiva das accións realizadas para as que foi concedida a axuda.
- 4.- Comunicar este acordo á Abanca.

4.Xustificación subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia para a promoción e difusión da “Festa da Filloa de Lestedo 2016”

Con data 26 de febreiro de 2016 publicouse no DOG nº 39 a Resolución do 17 de febreiro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2016.

Mediante Decreto de alcaldía de data 29 de febreiro de 2016, acordouse solicitar unha subvención para o “*Promoción e difusión da XXXIII Festa da Filloa de Lestedo 2016*”.

Con data de 25 de abril de 2016 (registro de entrada nº 16/758) recíbese a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia, concedendo unha subvención de 3.000 € para a “Promoción e difusión da XXXIII Festa da Filloa de Lestedo 2016.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
- 2.- Aprobar a conta xustificativa da subvención na que se fai constar os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

CONCEPTO	ACREEDOR	Nº FACTURA	IMPORTE	% IMPUTADO	DATA EMISIÓN	DATA RECOÑECEMENTO
8 mandiles de honra	Salgueiral S.L.	S16/1	259,01 €	100% 259,01€	01/03/2016	15/04/16
Títulos banner-Local Boqueixón	La Voz de Galicia SA	I16 000171	1.331 €	52,59 % 700 €	29/02/2016	15/04/16
Festa da Filloa	Socieda Española de Radiodifusión SL	68/1061	1.089 €	100% 1.089 €	10/03/2016	10/05/16
Publicidade anuncio Festa da Filloa	Teovivo	1 000035	121 €	100% 121 €	04/02/2016	15/04/16
Campaña Promocional Festa Filloa 2016	Editorial Compostela SA	20160114639 82	1.541,54 €	100 % 1.541,54 €	29/02/2016	15/04/16
TOTAL GASTO.....				3.710,55 €		

- 3.- Aprobar a memoria descritiva das accións realizadas para as que foi concedida a axuda.
- 4.- Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

5. Alta no servizo de xantar na casa

Concesión dunha alta no servizo de xantar na casa

6. Modificación da solicitude financiamento para a prestación dos servizos sociais comunitarios, ano 2016, acordada en Xunta de Goberno do 17 de marzo do 2016

A Xunta de Goberno acordou con data 17 de marzo de 2016 solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o conфинanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal establecida no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O importe total solicitado no dito acordo foi de 257.263,44 € , establecendo para o financiamento do persoal a contía de 15.013 €.

O 27 de xullo de 2016 entrou en vigor a *Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012,*

establecéndose para a categoría profesional A2/Grupo II o módulo económico de 16.815 €. Desde xeito, establécese un incremento no financiamento do posto de traballador/a social municipal, pasando de 15.013 € a 16.815 €.

De acordo coas modificacións introducidas pola nova orde, a Xunta de Goberno acorda:

Establecer unha modificación no importe da transferencia finalista solicitada a Consellería de Política Social para o con financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, co seguinte detalle:

Importe total solicitado: 259.065,44 €

Importe solicitado para persoal: 16.815 €

7.Inicio de contratación por urxencia do servizo de actividades físicas e deportivas do Concello de Boqueixón

Desde o Departamento de Deportes, veuse a necesidade de ampliar a prestación do servizo de actividades físicas e deportivas todo o ano e non verse limitado ó período escolar. Despois da experiencia da pasada tempada e tendo en conta a demanda das actividades, quérese reestruturar o servizo que se presta ós usuarios e que este sexa de xeito continuo posto que hai demandas nos meses de xuño, xullo e agosto que na anterior contratación non se podían cubrir.

Para a realización das actividades, é preciso contratar a monitores capacitados que poidan impartir as correspondentes clases a cada grupo que se estableza en cada unha das categorías. Polo tanto, é necesario iniciar un proceso de contratación coa máxima urxencia para que a principios de setembro poida comezar a programación prevista polo citado departamento.

Debido ós cambios que ano a ano poidan xurdir na programación das actividades, é convinte que a contratación non sexa por períodos superiores ó ano por si se teñen que modificar as condicións contractuais.

Polo tanto, e debido a que urxe a contratación do servizo para que poidan comezar as actividades o vindeiro 1 de setembro, a Xunta de Goberno acorda:

1 Declarar a urxencia da contratación debido a que o comezo das actividades deberá realizarse o día 1 de setembro.

2 Iniciar os trámites necesarios para a contratación do servizo de actividades culturais e deportivas polo procedemento negociado sin publicidade e por urxencia. Os pregos que rexerán esta contratación son os que a continuación se transcriben:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, E POR URXENCIA DO SERVIZO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS NO CONCELLO DE BOQUEIXON

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do servizo de actividades (coordinación e monitoraxe) das escolas deportivas municipais e das actividades físicas para adultos programadas pola Concellalía de Educación, Cultura e Deportes.

O servizo realizarase de acordo coas especificacións establecidas no Prego de prescricións técnicas e co alcance e frecuencia que se determinan no mesmo.

2.- NATUREZA DO CONTRATO.

O contrato ten natureza de contrato administrativo de servizos, tal como establece o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), categoría 26, codificación CPV-92600000-7, e código de clasificación de actividades CNAE-9319.

O contrato rexerese polo presente Prego de cláusulas administrativas particulares e polo Prego de prescricións técnicas, e para o non previsto en ditos Pregos, estarase ó disposto no TRLCSP, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, no Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e demais normativa aplicable.

3.- PREZO DE LICITACIÓN E RÉXIME ECONÓMICO DO CONTRATO.

O prezo de licitación é de 20.872,5- € por ano, IVE engadido (17.250,00- € mais 3.622,5€ de IVE) que, de acordo co artigo 88 do TRLCSP, supón un valor estimado do contrato de 51.750,00.- €, e que se imputarán á partida orzamentaria do orzamento municipal correspondente.

O prezo unitario/hora de monitoraxe: o tipo de licitación máximo para este servizo establécese en 23 €/h máis IVE.

Os licitadores realizarán as ofertas coa baixa que estimen pertinente sobre o prezo de licitación, nas que deberán figurar de forma independente o importe do IVE.

O prezo do contrato abonarase ó adxudicatario fraccionado en mensualidades, relacionando as actividades que se impartan, previa presentación da factura correspondente.

O Concello asume a obriga de recoller nos sucesivos orzamentos a cantidade que resulte necesaria para o financiamento do presente contrato.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato terá unha duración de doce meses, iniciándose a prestación do servizo o 01/09/2016 e rematando o 31/08/2017. Poderase prorrogar o servizo por 2 anualidades máis e será acordada a prórroga polo órgano de contratación, que resultará obrigatorio para o contratista de acordo co establecido no artigo 23 do TRLCSP.

5.- ORGANO DE CONTRATACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. O órgano de contratación, á vista do importe e duración do contrato é o alcalde en aplicación do establecido na disposición adicional segunda do TRLCSP, en relación co Decreto da alcaldía de da polo que delegou as competencias na Xunta de Goberno.

O procedemento de adxudicación do contrato será o procedemento negociado sin publicidade regulado nos artigos 169 a 178 do TRLCSP, tramitación urxente, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, teranse en conta os criterios de valoración que se determinan na cláusula 10 do presente Prego, de conformidade co establecido no artigo 150 do TRLCSP.

Tendo en conta que se trata dun servizo dos comprendidos na categoría 26 do anexo II do TRLCSP, e que ademais o valor estimado do contrato é inferior a 200.000 €, non está suxeito a regulación harmonizada, en aplicación do establecido no artigo 16.1.b) do TRCSP.

6.- ANUNCIO E PERFIL DO CONTRATANTE.

Co obxecto de asegurar a transparencia e dar publicidade á contratación, de acordo co establecido no artigo 142.4 do TRLCSP, e sen prexuízo do uso de outros medios de

publicidade, o concello de Boqueixón conta co perfil do contratante ao que se terá acceso na páxina web www.boqueixon.es

7.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer á licitación as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, con plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibición para contratar e que acrediten a súa solvencia técnica e profesional.

A) capacidade de obrar acreditarase da seguinte forma:

1.- Empresas nacionais:

- Empresario individual: fotocopia cotexada do NIF , pasaporte ou documento que o substitúa.

- Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

2.- Empresas comunitarias.- A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

3.- As empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 do TRLCSP).

4.- Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, e informe de reciprocidade no que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio.

As empresas estranxeiras, comunitarias e non comunitarias, deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TR.LCSP)

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán presentar documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TR.LCSP).

B) Prohibicións de contratar.

Declaración responsable de que a empresa non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP, axustada ao modelo que se incorpora como anexo I do presente Prego.

C) Clasificación do empresario e acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional.

A actividade obxecto do contrato está comprendida na categoría 26 do anexo II do TRLCSP, polo que, de acordo co establecido no artigo 65 do TRLCSP, os licitadores non precisan estar clasificados, para participar no procedemento de contratación.

Porén o establecido no parágrafo anterior, de acordo co establecido no artigo 74 do TRLCSP, os empresarios poderán acreditar a súa solvencia mediante a presentación da correspondente clasificación.

Os licitadores que non aporten a súa clasificación poderán acreditar súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, mediante a presentación dos documentos que se indican:

1.- A solvencia económica e financeira acreditarase por calquera dos medios aos que se refire o art. 75 do TRLCSP.

2.- A solvencia técnica ou profesional acreditarase, de acordo co establecido no artigo 78 do TRLCSP, polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante os correspondentes certificados expedidos polos órganos competentes.

- Indicación do persoal técnico, integrado ou non na empresa, participante no contrato.

- Descrición das instalacións técnicas e das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade do servizo.

- Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa, en particular do persoal responsable da execución do contrato.

8.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición, nin poderá asinar ningunha oferta en unión temporal con outros, se presentou proposición individual, nin figurar en mais dunha unión temporal.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional, por parte do licitador, das cláusulas establecidas nos Pregos que rexen a contratación.

8.1 Prazo e lugar de presentación das proposicións

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 8:30 a 14:30 horas de luns a venres, dentro do prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte a aquel no que se publique o anuncio de licitación no perfil do contratante, en aplicación do establecido no artigo 177 do TRLCSP.

As proposicións tamén poderán presentarse en calquera dos lugares aos que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións pública e do procedemento administrativo común. Neste suposto só se admitirán as proposicións cando se xustifique que foron presentadas dentro do prazo de presentación de proposicións, sendo preciso anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta dentro do mesmo prazo, mediante fax, correo electrónico, telegrama, ou calquera outro medio apropiado que deixe constancia da presentación. En todo caso, non se terán en conta as proposicións que non se reciben no Concello dentro dos sete días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación.

8.2 Forma de presentar as proposicións:

As proposicións presentaranse en tres sobres pechados nos que figurará a inscrición: **“Proposición para tomar parte no procedemento de licitación para adxudicar o contrato de servizo de ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.** Os sobres deberán identificar ao licitador e estarán asinados polo mesmo.

Os sobres conterán a seguinte documentación:
Sobre A, denominado “Documentación administrativa”

Conterá a seguinte documentación:

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

Se os licitadores non asinan as proposicións en nome propio, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado pola secretaría do concello.

Se o licitador fose persoa xurídica, o poder deberá figurar no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

A persoa con poder bastantado, a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia cotexada do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de que a empresa non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP, de acordo co modelo que se incorpora como anexo I ao presente Prego.

d) Documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou no seu caso, a clasificación empresarial.

e) Compromiso de someterse á xurisdición española, cando se trate de empresas estranxeiras.

f) Índice de documentos que contén o sobre.

Os documentos deberán ser presentados en orixinal ou, no seu caso, por medio de copias debidamente dilixenciadas.

Sobre B, denominado “Documentación Técnica”

Conterá o a documentación que permita ó órgano de contratación valorar os criterios de adxudicación distintos do prezo

- Proxecto técnico, no que se describa a forma de prestación do servizo.

- Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no seu cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade funcional, non inferior ao 2%.

Sobre C, denominado “Proposición económica”

Conterá a proposición económica, que deberá axustarse ao seguinte modelo:

“D....., con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) número , actuando en nome propio, (ou en representación de DNI ou CIF número.....), e con domicilio a efectos de notificacións en , rúa , código postal....., teléfono....., dirección de correo electrónico toma parte no procedemento negociado, convocado polo Concello de Boqueixón, para a adxudicación do contrato do servizo de ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN, comprometéndose a realizar os traballos obxecto do contrato, con suxeición os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen dita contratación que declara coñecer e acepta, polo prezo de

..... €/ano, máis..... €/ano de IVE (en letra.....).

En, a de de

O licitador

Asdo:.....”

9.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios de adxudicación:

a) Proposición económica: ata un máximo de 50 puntos.

A valoración realizarase de acordo coa seguinte formula:

$\text{Puntos}/n = 50 \times \text{oferta económica mais baixa} / \text{oferta económica de } n$

Melloras presentadas na prestación do servizo: ata un máximo de 10 puntos

b) Proxecto técnico de prestación do servizo: ata un máximo de 40 puntos.

Os licitadores deberán presentar un proxecto técnico no que se describa a forma de prestación e organización do servizo.

Neste apartado valorarase os aspectos que redunden na calidade da prestación do servizo, tales como medios persoais adscritos ao mesmo, a organización e planificación do servizo e actividades complementarias programadas.

En caso de empate na puntuación total entre dous ou mais licitadores, dirimirase o empate a favor da empresa que teña mais porcentaxe de traballadores con discapacidade, sempre que este non sexa inferior ao 2% do total da plantilla.

10.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

A apertura de proposicións deberá realizarse polo órgano de contratación no prazo máximo de 4 días hábiles, dende o remate do prazo de presentación de proposicións, previamente, o órgano de contratación deberá proceder á apertura dos sobres A, e cualificación da documentación administrativa das proposicións presentadas.

Se fose necesario o órgano concederá un prazo, non superior a tres días naturais, para que os licitadores poidan corrixir os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

A apertura dos sobres B, que conteñen a documentación técnica, realizarase en acto público, ao que serán convocados os licitadores a través do perfil do contratante do concello de Boqueixón, no prazo non superior a tres días contados dende a apertura dos sobres A.

Os técnicos nomeados para o efecto, antes de valorar a documentación contida nos sobres B, conforme aos criterios establecidos no Prego, poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos.

Posteriormente o órgano de contratación procederá á apertura dos sobres C en acto público, no que previamente se dará conta do resultado da valoración dos sobres B.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa de contratación, en resolución motivada.

O órgano de contratación valorará as proposicións admitidas na licitación clasificándoas por orde decrecente de valoración e propondrá a adxudicación a favor da oferta que resulte máis vantaxosa, tal como establece o artigo 22 do R. D. 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público. Dita proposta non crea dereito algún en favor do licitar proposto fronte a Administración. Non obstante cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión. (art. 160.2 do TRLCSP).

11.- CLASIFICACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O órgano de contratación, unha vez clasificadas as proposicións, requirirá ao licitador que fixera a proposición máis vantaxosa, para que no prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador requirido retira a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte de acordo coa orde de clasificación das ofertas.

12.- OFERTAS CON VALORES ANORMALES OU DESPROPORCIONADAS.

Cando se presuma de xeito fundamentado que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificaralle esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días, xustifiquen ditas ofertas e precise as condicións das mesmas, de acordo co artigo 152.3 do TRLCSP.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos municipais coa fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal a oferta que se atope nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta que sexa inferior ao prezo de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Número de ofertas: 2. A oferta que sexa inferior en 20 unidades porcentuais a outra oferta.
- Número de ofertas: 3. As ofertas que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis de 10 unidades porcentuais.
- Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

13.- GARANTÍAS.

Dadas as características do contrato non se esixe a constitución de garantía provisional. O adxudicatario virá obrigado a constituír unha garantía definitiva por importe do 5% do importe total do contrato, IVE excluído, en calquera das formas previstas no artigo 96.1 do TRLCSP. A garantía non será cancelada ata que estea cumprido o contrato satisfactoriamente e teña transcorrido o prazo de garantía establecido.

14.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 3 días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo licitador.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha proposición que sexa admisible de acordo co establecido no Prego.

O acordo de adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos licitadores, publicándose simultaneamente no perfil do contratante do Concello.

A notificación deberá conter a información necesaria que permita aos licitadores excluídos ou candidatos descartados interpor recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación, tal como establece o artigo 151.4 do TRLCSP.

15.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

De conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, o contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Porén o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.

Tendo en conta que o contrato non é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización do contrato en documento administrativo deberá efectuarse dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación (artigo 156 do TRLCSP). A estes efectos o órgano de contratación, requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato dentro do prazo establecido.

16.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

O órgano de contratación, de acordo co establecido no artigo 210 do TRLCSP, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

En todo caso deberá darse audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites establecidos no artigo 211 do TRLCSP.

O Concello velará pola boa marcha do servizo, para o que poderá levar a cabo as inspeccións oportunas e solicitar ao contratista tanta información e documentos sexan necesarios para comprobar o cumprimento das obrigacións sinaladas nos Pregos que rexen a contratación e na oferta presentada polo contratista.

Se o Concello observa deficiencias na prestación do servizo, poñerá en coñecemento do representante da empresa adxudicataria, por escrito, adoptando ao mesmo tempo as medidas correctoras correspondentes, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

A estes efectos o concello poderá nomear un responsable do contrato para supervisar a execución dos traballos e adoptar as decisións necesaria para asegurar a correcta prestación do servizo.

17.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

O adxudicatario esta obrigado e executar o contrato con suxeición ao presente Prego, ao Prego de prescricións técnicas, adscribindo á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para desenvolver a actividade de acordo coa oferta presentada, sen que en ningún caso se estableza relación algunha entre o persoal contratado polo adxudicatario e o Concello, non asumindo este ningunha obriga de incorporación ao cadro de persoal nin indemnización ao remate do contrato.

En caso de contradición entre o presente Prego de cláusulas administrativas e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá este último.

O adxudicatario estará obrigado a cumprir todas as obrigas que esixa a normativa vixente en materia laboral e en materia de prevención e riscos laborais, sendo responsable do incumprimento das mesmas.

O adxudicatario e o seu persoal estará obrigado a cumprir o establecido na Lei de protección de datos de carácter persoal en relación cos datos persoais aos que teñan acceso durante a vixencia do contrato. En ningún caso empregará a información coñecida con motivo da prestación do servizo para outro fin distinto do obxecto do contrato.

A empresa adxudicataria será responsable do calidade técnica dos traballos así como das consecuencias que se deriven para o Concello ou para terceiros polas omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato, quedando obrigado a indemnizar os danos e prexuízos causados. A estes efectos deberá contratar unha póliza de seguros para cubrir a responsabilidade patronal, civil e patrimonial, debendo depositar no Concello o xustificante do pago das primas correspondentes.

O adxudicatario deberá designar un representante da empresa, que se encargará da boa marcha do servizo e que será o interlocutor co Concello, e que deberá manter as reunións que sexan precisas cos responsables do contrato nomeados pola administración, para coordinar os traballos obxecto do mesmo.

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se deriven da licitación e adxudicación do contrato, ata un máximo de 500 €.

18.- REVISIÓN DE PREZOS.

De acordo co establecido no artigo 89 do TRLCSP, non procede a revisión de prezos do contrato.

19.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

O Concello poderá modificar o contrato por razóns de interese público se o estima necesario, de conformidade co establecido no artigo 219, en relación cos artigos 306 e 307 do TRLCSP.

20.- PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía establecece en tres meses, a contar dende a data de remate do contrato, previo informe de conformidade do concelleiro responsable do servizo.

Transcorrido o prazo de garantías en que se teñan formulado reparos aos traballos executados quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

21.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos no mesmo por causas imputables ó adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía, ou por impoñer ó adxudicatario as

penalidades que, de conformidade co establecido no artigo 212.4 do TRLCSP, serán de 0,20 € por cada 1.000 € do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do contrato, ou acordar a súa continuidade con imposición de novas penalidades.

En ningún caso as penalidades por demora poderán exceder do 10% del presuposto do contrato.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución do importe correspondente da facturación efectuada pola empresa, en todo caso a garantía responderá da efectividade de aquelas.

22.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos no artigo 223 e 308 do TRLCSP e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, cos efectos establecidos no artigo 309 do citado TR.

Cando a resolución do contrato se produza por causas imputables ó contratista incautaráselle a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización por danos e prexuízos ocasionada á administración.

23. JURISDICIÓN.

O contrato ten carácter administrativo e de acordo co establecido no artigo 21 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e as cuestións litixiosas que xurdan entre as partes en relación coa a preparación, adxudicación, efectos cumprimento e extinción do presente contrato, serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

“D..... Con DNI e domicilio enprovincia de..... rúa nº..... (en nome propio ou en representación da empresa.....,CIF con domicilio en) á que representa no procedemento de adxudicación do contrato do servizo de actividades culturais e deportivas do Concello de Boqueixón,

DECLARA:

- *Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).*
- *Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento están incursos en causa de incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.*
- *Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.*
- *Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.*
- *Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.*
- *Que a entidade, no seu caso, atópase inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.*

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado*
(nº _____)
- Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia*
(nº _____)

- *Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):*

Non pertence a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)

b)

Así mesmo

AUTORIZO ao órgano de contratación a obter os datos que obren en poder da administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

En, a de de

O licitador

Asdo:.....”

PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SIN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

1º- Obxecto do servizo.-

O obxecto do presente contrato será a prestación do servizo de Actividades Físicas e Deportivas do Concello de Boqueixon nos termos previstos neste prego, así como no de cláusulas administrativas particulares.

2º Duración do contrato.-

O contrato terá unha duración de doce meses, iniciándose a prestación do servizo o 01/09/2016 e rematando o 31/08/2017. Pode ser prorrogado por 2 anos máis ata un máximo de 3 anos de prestación de servizo.

3º- Obrigas do adxudicatario.-

1. Contratará o persoal necesario de acordo coa lexislación vixente para o desenvolvemento das clases de actividades físicas e deportivas programadas. Ademais dos monitores de cada actividade, a empresa adxudicataria aportará un coordinador do servizo coas seguintes funcións:

- Supervisar que se cumpren os horarios das actividades.
- Informar a pais e monitores de calquera circunstancia.
- Colaborar co Concello na recollida de datos e outros traballos indispensables para o bo funcionamento da actividade.
- Elaborar os informes mensuais

En todo caso o persoal contratado polo adxudicatario deberá contar, antes do inicio da

prestación do servizo, ca cualificación esixida (monitor de cada actividade específica, ou ben titulación superior), e mantelo durante o tempo de vixencia do contrato.

2. Utilizar con dilixencia os materiais e as instalacións nas que se vai a desenvolver este proxecto, recollendo e gardando correctamente o material tras a súa utilización e repoñendo no seu caso as desfeitas ocasionadas na execución do contrato.

3. Velar polo adecuado mantemento dos menores nas instalacións durante a franxa horaria diaria obxecto desta contratación, vixiando que ningún menor se ausente antes de finalizar a mesma, salvo que teña autorización dos seus pais ou titores.

4. Queda obrigada a realizar unha póliza de seguro para cubrir os danos materiais, persoais e perxuizos de todo tipo que poidan sufrir terceiros como consecuencia da actuación dos monitores, así como os propios danos que poidan sufrir éstos no desempeño das súas funcións.

5. Colaborar cos eventos, clausuras, competicións e outras actividades relacionadas coas actividades obxecto de contratación.

6. Distribuír o material e o equipamento que o concello poña á súa disposición para o funcionamento das actividades, encargándose do seu coidado e bo uso, presentando cada tres meses unha relación do mesmo, coa especificación de variacións ou deterioracións que se poidan producir, así como das adquisicións que se consideren necesarias para o idóneo funcionamento das actividades. O citado material será en todo momento de propiedade municipal.

7. Satisfacer todos os gastos de persoal ao seu cargo. O adxudicatario ten a obriga de cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia de Dereito do Traballo, Seguridade Social, a lexislación reguladora da Industria, Seguridade e Hixiene no Traballo e calquera outra de xeral observancia.

8. Asesoramento ao concello en todo o que redunde nunha maior calidade do servizo aos usuarios, así como na ampliación da oferta de actividades a desenvolver.

9. Elaboración e presentación de informes e de memorias pertinentes. Cada mes a empresa estará obrigada á presentación dun informe, onde se recollan os seguintes puntos:

- Listado das horas de clase impartidas polos monitores da empresa,
- Listados de asistencias de todas as actividades que se imparten por medio dos monitores da empresa.
- Valoración e resume dos listados: problemáticas, grupos numerosos...
- Incidencias
- Baixas de monitores.
- Substitucións.
- Limpeza ou problemática nas instalacións.
- Problemas de funcionamento.
- Outras.

Data límite de presentación de informe: día 7 do mes seguinte.

10. Substituirá ao persoal de xeito inmediato no caso de ausencia ou enfermidade. O persoal substituído deberá ter como mínimo a mesma cualificación técnica ou profesional que o substituído, agás imposibilidade momentánea de facelo así, que se entenderá como extraordinaria, debidamente xustificada, debendo volverse á situación correcta no prazo de tempo máis curto posible.

11. Garantirá a plena integración nas actividades dos discapacitados, minorías étnicas e diversidade culturais requirindo ao Concello de Boqueixón, se fose necesario a dotación dos medios precisos para acadar este obxectivo.
12. Garantirá que se respecte o principio de equidade e igualdade efectiva de xénero.
13. A adxudicataria deberá usar preferentemente o galego como lingua de comunicación cos usuarios do servizo, tanto no desenvolvemento das clases deportivas, como en toda a documentación utilizada na prestación do servizo, de acordo coa Ordenanza do Uso do Galego aprobada polo pleno do concello.
14. O adxudicatario deberá respectar o programa deportivo mínimo que figura na cláusula número 8 deste prego.

3.- Beneficios do adxudicatario:

O adxudicatario percibirá a cantidade correspondente a multiplicar o número de horas impartidas polo prezo por hora establecido na oferta económica do adxudicatario do concurso.

4.- Obrigas e dereitos do concello:

1. Fixará e percibirá os prezos de cada actividade a aboar polos usuarios do servizo.
2. Realizará as inscricións e cobros de cada actividade.
3. Determinará o número máximo e mínimo de participantes en cada grupo e o número de monitores por actividade.
4. Unha vez realizadas as inscricións, o concello comunicará á empresa adxudicataria a posta en marcha do servizo.
5. Manterá os servizos indicados polo tempo estipulado, sempre que non existan causas graves que motiven a finalización do servizo.
6. Controlará en coordinación coa empresa adxudicataria a asistencia a cada actividade. Para isto, os monitores pasarán lista os días que se desenvolva a actividade, e os técnicos municipais poderán acceder ás instalacións en horas de desenvolvemento da actividade e sen previo aviso, a fin de comprobar o número de asistencias e o grao de satisfacción dos usuarios.
7. Cederá as instalacións deportivas municipais, o equipamento deportivo específico das instalacións e o persoal de mantemento das mesmas, podendo modificar os horarios e instalacións das actividades por necesidades do servizo, previa audiencia da entidade adxudicataria.
8. O Concello de Boqueixón poderá incrementar ou diminuír o número de horas docentes en función da demanda, da dispoñibilidade de instalacións ou das necesidades de organización de outras actividades ou eventos, notificándolle igualmente ditas variacións á empresa con suficiente antelación. Ditos incrementos ou diminución de horas docentes deberán ser sumados ou restados, respectivamente, do montante económico que a empresa percibirá do concello en razón do contrato que se subscriba entre ambos, en base á oferta económica por hora que establecera o adxudicatario do servizo.

5º.- Horario de prestación do servizo.-

A empresa debe prestar o servizo no horario sinalado polo concello.

6º.- Lugar de prestación do servizo.-

A modo orientativo establécese que o servizo será prestado nas instalacións seguintes instalacións:

- a) Local social de Lestedo

- b) Casa da Cultura de Camporrapado
- c) Local social de Sergude
- d) Local social de Codeso
- e) Local social de Ledesma
- f) Ximnasio do Forte
- g) Pistas polideportivas do Forte
- h) Pavillón de Lestedo
- i) Piscina municipal

Sen prexuízo do anterior, o concello resérvase a posibilidade de ampliar ou modificar os lugares de prestación do servizo, cando existan razóns de interese público que así o aconsellen, sen que tal feito supoña alteración das condicións contractuais.

7º.- Modalidades deportivas a impartir.-

O concello de Boqueixón decidirá as disciplinas a impartir en cada momento. O programa deportivo mínimo, no que se relacionan as disciplinas deportivas que os licitadores haberán de estar en condicións de impartir, sen prexuízo das alteracións que poida introducir o concello, en atención a razóns de interese público que así o aconsellen, será o seguinte:

Actividades para adultos:

-Pilates, zumba, bailoterapia.

Actividades para escolares:

-Judo, patinaxe, natación.

O concello de Boqueixón determinará igualmente o número máximo e mínimo de usuarios en cada escola en función das características das mesmas.

7º.- Calendario das actividades

Actividades para adultos: desenvolveranse no período comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e 30 de xuño de 2017, agás sábados, domingos e días festivos.

Actividades para escolares: desenvolveranse no período comprendido entre o 1 de outubro de 2015 e 31 de maio de 2016, agás sábados, domingos, festivos e vacacións escolares (calendario lectivo), agás a actividade de patinaxe que se impartirá tamén en xullo e natación (tempada extraordinaria).

Este calendario é o programa deportivo mínimo, non obstante o período de actividades poderá ser modificado segundo demanda ou necesidade do servizo.

8º.- Características dos grupos e programa deportivo

Para o funcionamento das actividades, o número mínimo de inscritos para que cada unha delas poida desenvolverse será de 10 persoas e o número máximo de participantes por grupo virá determinado polo tipo de actividade.

Para o caso de que o número de persoas que soliciten ou estean a participar nunha determinada actividade non acade o número mínimo de 10, poderase proceder á supresión do grupo, coa correspondente redución de retribucións para o contratista, sen que isto xere dereito a indemnización algunha.

No caso de que se reduzan grupos poderase acordar polo Concello, si existe demanda suficiente, a realización doutra actividade, sen que isto poida ser considerado como unha modificación contractual.

O número de grupos inicialmente previsto, así como o número de horas semanais de impartición, que poderían variar en función da evolución futura do número de asistentes, serían os seguintes:

PILATES	8 HORAS SEMANAIS
ZUMBA	6 HORAS SEMANAIS
BAILOTERAPIA	1 HORA SEMANAL
PATINAXE(curso) PATINAXE (verán)	1 HORA SEMANAL 4 HORAS SEMANAIS
JUDO	2 HORAS SEMANAIS
NATACIÓN (verán)	2 HORAS SEMANAIS

8º.- Programa Deportivo mínimo.-

O programa deportivo mínimo é o seguinte (as horas que se fixan como mínimo na tempada ordinaria, 726, son de cómputo semanal ao que se deberá engadir como mínimo na tempada extraordinaria 24 horas nos mes de xullo de patinaxe e natación de verán. Horas totais previstas:

Actividade	Lugar	Horario
Bailoterapia	Sergude	Mércores (17:30 a 18:30)
Pilates	Ledesma	Martes e venres(17:45 a 18:45)
Pilates	O Forte	Martes (20:00 a 21:00) e Xoves (21:00 a 22:00)
Pilates	Codeso	Luns e xoves (22:15 a 23:15)
Pilates	Lestedo	Martes e xoves (21:30 a 22.30)
Zumba	Camporrapado	Luns e mércores (19:00 a 20:00)
Zumba	O Forte	Luns e mércores (20:30 a 21:30)
Zumba	Lestedo	Luns e mércores (21:30 a 22:30)
Judo	Forte	Martes e xoves (16:15 a 17:15)
Patinaxe (curso)	Lestedo	Venres (17:00 a18:00)
Patinaxe (xullo)	Forte	Martes e xoves (10:00 a 11:00)
Natación (xullo)	Forte	Martes e xoves (13:15 a 14:15)

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas ó mesmo tempo que se publica no perfil do contratista da web do concello:

CPM Eventos
Sta. Cruz de Rivadulla
Vedra

Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
Lugar de Vilar, nº 5 – 15882 Touro

Grupo Acofide, SC
Nande,22
Vedra

Dimenzone, SL
Rúa de Abaixo, 1 – 5ºB
Milladoiro
15895 Ames

Serviplus total, SL
R/ Eduardo Pondal, 1 baixo, Porta D
15679 O Temple
Cambre

8. Modificación do importe do recibo da auga primeiro trimestre 2016 a nome de dona Elvira xxxxx

Antecedentes:

Con data do 25 de maio de 2016 e rexistro de entrada núm. 16/985, dona Elvira xxxxx , con DNI nº. xxxxxx , presenta nestas dependencias municipais unha reclamación sobre o recibo de abastecemento de auga correspondente ó 1º trimestre de 2016, polo importe de 397,28 €, en base a unha avería existente no servizo no mes de febreiro.

Xunto coa mesma, a abonada núm. 43000880 do Servizo de abastecemento de auga e saneamento, presenta unha factura pola reparación da fuga de auga, que corresponde ó arranxo da dita avería.

Comprobado o recibo do dito período, cun consumo de 233 m³, verifícase que o volume facturado ten unha consideración desproporcionada, con respecto ós consumos trimestrais que se lle pasaban ata o momento.

En base ó Regulamento do Servizo municipal de abastecemento de auga, cuxa modificación foi aprobada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia, con data do 7 de xullo de 2016, contéplase no artigo 38 o seguinte: “Se no período de facturación se constata a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministración do contribuínte e o volume facturado ten unha consideración desproporcionada en virtude da fuga, os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo, serán os establecidos para o segundo tramo, segundo taxa aprobada na ordenanza vixente no seu momento e aplicable para todo tipo de abonados”.

Así mesmo, en canto ó Canon (tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia) tamén se determina o tipo de gravame, no caso de existencia dunha fuga, que se contempla no

artigo 53.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, na súa última modificación do 31 de decembro de 2015.

Tendo en conta a xustificación da fuga, en base ó novo Regulamento, as tarifas a aplicar serían as seguintes:

• Tarifa Servizo auga (doméstico):		
-Cota fixa: 4,845€/ab.mes x 3 meses =		14,535 €
-Consumo: 233 m ³ : 1º tramo: 30 m ³ x 0,350 € =		10,5 €
2º tramo: 30 m ³ x 0,436 € =		13,08 €
3º tramo: 60 m ³ x 0,436 € =		26,16 €
4º tramo: 113 m ³ x 0,436 € =		49,27 €
TOTAL:		113,55 €
+ 10% IVA =		11,36 €
Total tarifa servizo		124,91 €
• Canon auga (por 233 m ³ consumidos) (Tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia)		
1º tramo: 18 m ³ x 0,00 € =		0,00 €
2º tramo: 18 m ³ x 0,29 € =		5,22 €
3º tramo: 36 m ³ x 0,29 € =		10,44 €
4º tramo: 161 m ³ x 0,29 € =		46,69 €
Cota fixa:		4,62 €
Total canon		66,97 €
• Mantemento acometida		2,31 €
+ 21% IVA =		0,49 €
Total mantemento		2,80 €
TOTAL RECIBO		194,68 €

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a modificación do importe do recibo, incluído no Padrón fiscal do subministro de auga do 1º trimestre de 2016, a nome de Elvira xxxxx , con DNI nº. xxxxx , como abonada número 43000880, polo novo importe total de **194,68 €**, en base á reclamación presentada, debido á existencia dunha fuga, e tendo en conta o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, cuxa modificación foi aprobada definitivamente con data do 7 de xullo de 2016.

Poderá facer efectivo o pago correspondente, no prazo máximo de 30 días, nestas dependencias municipais en horario de oficina ou na seguinte conta do Banco Sabadell a nome do concello: xxxxx .

2.- Comunicarlle este acordo á interesada

9.Aprobación padrón fiscal do subministro de auga e saneamento do segundo trimestre do 2016

A empresa Espina y Delfín, adxudicataria do servizo de saneamento e o Concello de Boqueixón xestor do servizo de abastecemento de auga, fixeron entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe no

correspondente prego de cláusula que rexe a contratación do servizo de saneamento e según a ordenanza municipal de abastecemento.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 2º trimestre do ano 2016 teñen os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga : 1.054
Servizo de saneamento: 1.368

- Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

10. Alta no servizo de abastecemento/saneamento

A) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
Álvaro xxxxx	xxxxx	xxxxxx - 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para unha vivenda.

A dita taxa de abastecemento correspondente a Álvaro xxxxx xa consta ingresada polo interesado nas arcas municipais, figurando o xustificante de ingreso.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó seguinte enderezo:
xxxxx – 15885 Vedra.

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
Álvaro xxxxx	xxxxx	xxxxxx - 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para unha vivenda.

A dita taxa de saneamento correspondente a Álvaro xxxxx xa consta ingresada polo interesado nas arcas municipais, figurando o xustificante de ingreso.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó seguinte enderezo:
xxxxxx – 15885 Vedra

11. Clasificación das ofertas para adxudicación obras POS 2016

Na Xunta de Goberno realizada o día 6 de maio de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación das obras incluídas no Pos 2016 denominadas: “Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros” por importe de 53.577,01 euros e “Camiño monte da cima da Alboya (Lamas) e outros” por importe de 53.475,25 euros.

Na Xunta de Goberno do día 16 de xuño, valóranse as ofertas presentadas en cada unha das obras, adxudicando un código alfanumérico a cada unha das empresas para non divulgar a identidade destas, de cara a realizar o proceso de negociación.

Tamén se acorda comunicar ás empresas Nemesio Ordoñez, SA (NOSA) e José Luís Millán Millán, que están excluídas do proceso de contratación ó ser incorrecta a documentación presentada para ambas obras.

A partires deste momento iniciase a negociación e o órgano encargado da mesma, o día 29 de xullo, realiza as actas onde figura o proceso realizado para cada unha das obras, así como as propostas de adxudicación que presentan ante o órgano de contratación.

A continuación transcríbense as actas de negociación:

ACTA DA NEGOCIACIÓN DAS OBRAS DO POS 2016

Obra: Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros.

Importe: 53.475,25 euros

D. Julio C. Rojo Martinez

D^a Adela Lamela Arteaga

D. Juan M. Corral Sánchez

Os membros do órgano negociador reúnense co obxecto de propoñer a adxudicación das obras do Pos 2016, despois de realizar o proceso de negociación que a continuación se detalla por cada unha das obras:

Na Xunta de Goberno do día 16 de xuño, realizáronse as valoracións das ofertas presentadas polas empresas licitadoras e que a continuación se relacionan:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE		
75R3	10	9	10	10	0.83	9	40	88.83
N4YZ	0	0	0	0	0	0	4.94	5.04
5O12	10	7	7	7	0.25	9	22.21	62.46
ROMF	10	7	7	10	0.83	9	26.97	70.80
QC34	10	7	7	10	0.50	9	15.86	59.36
AXDF	6	6	7	10	0.17	0	9.89	39.06
0GQM	4	2	4	4	0.17	1.50	0	15.67
XJMP	10	7	7	10	1	9	13.40	57.40

1HWA	10	7	10	10	0.17	6	32.97	76.14
------	----	---	----	----	------	---	-------	-------

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

Concifa, SL – AXDF
 EXOGA (Excavaciones y Obras públicas Galicia, SL) – XJMP
 Excomel – 5o12
 Oviga, SL – 75R3
 Martínez Montes e Hijos, SL –R0MF
 Excavaciones Cernadas Valiña, SL – N4YZ
 Cosmalca,SL –1HWA
 Hnos. Couto Fandiño, SL – 0GQM
 Construcciones Boqueixón – QC34

Con data 5 de xullo iníciase o proceso de negociación e envíase a cada unha das empresas unha comunicación onde se transcribía o cadro coas puntuacións totais acadados por cada unha e indicábase, para que as empresas negociasen se o desexaban ou ben se ratificasen na súa proposta inicial, o importe da oferta económica máis baixa, así como as porcentaxes máis altas dos controis de calidade. Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa fora presentada por Oviga (75R3) por importe de 40.220,00 euros e os controis e calidade interno o 1% obrigatorio e o externo o 3%, comprometéndose a destinar ata un 5% para o control interno.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

Empresa	Oferta económica	Porcentaxe calidade
Concifa, SL	39.036,93 euros	Porcentaxe interno: 5% Porcentaxe externo: 3%
Martínez Montes, SL	37.389,00 euros	Porcentaxe interno: 8% Porcentaxe externo: 3%
Cosmalca,SL	Ratifícase na oferta inicial 43.000,00 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe interno: 1% Porcentaxe externo: 2%
Cernadas Valiña, SL	Ratifícase na oferta inicial 52.138,37 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe interno: 0% Porcentaxe externo: 0%
Couto Fandiño,SL	Ratifícase na oferta inicial 53.475,25 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe externo: 0.5% Porcentaxe interno: 1%
Oviga, SL	Ratifícase na oferta inicial 40.220,00 euros	Oferta ata un 10% para o control interno de calidade
Excomel	38.499,50 euros	Porcentaxe interno: 5% Porcentaxe externo: 3%

A empresa Exoga non se presentan á negociación, polo que queda eliminada do proceso.

Posteriormente realízanse as valoracións das ofertas e e obtéñense as puntuacións que a continuación se transcriben no seguinte cadro:

	A) PROGRAMA TRABAJO	B) PROGRAMA ACTUACION	C) PLAN CONTROL	D) PLAN DE SEGURIDAD	E) PORCENTAJE CONTROL	F) OFERTA ECONOMICA	TOTAL
--	---------------------------	-----------------------------	-----------------------	----------------------------	-----------------------------	---------------------------	-------

CONTRATISTAS		AMBIENTAL	CALIDAD	Y SALUD	CALIDAD			
					%CI	%CE		
EXC. CERNADAS VALIÑA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,60	3,60
MARTINEZ MONTES	10,00	7,00	7,00	10,00	0,80	9,00	40,00	83,80
OVIGA	10,00	9,00	10,00	10,00	1,00	9,00	33,95	82,95
EXCOMEL	10,00	7,00	7,00	7,00	0,50	9,00	37,41	77,91
HERMANOS COUTO	4,00	2,00	4,00	4,00	0,10	1,50	0,00	15,60
COSMALCA	10,00	7,00	10,00	10,00	0,10	6,00	28,00	71,10
CONCIFA	6,00	6,00	7,00	10,00	0,50	9,00	36,48	74,98

O órgano de negociación, á vista dos datos obtidos propón a adxudicación da obra á empresa Martínez Montes, SL por importe de 37.389,00 euros. Non obstante será o órgano de contratación o que decidirá.

Boqueixón, 29 de xullo de 2016

Julio C. Rojo Martínez Adela Lamela Arteaga Juan M. Corral Sánchez

ACTA DA NEGOCIACIÓN DAS OBRAS DO POS 2016

Obra: Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros.

Importe: 53.577,01 euros

D. Julio C. Rojo Martinez

D^a Adela Lamela Arteaga

D. Juan M. Corral Sánchez

Os membros do órgano negociador reúnen-se co obxecto de propoñer a adxudicación das obras do Pos 2016, despois de realizar o proceso de negociación que a continuación se detalla por cada unha das obras:

Na Xunta de Goberno do día 16 de xuño, realizáronse as valoracións das ofertas presentadas polas empresas licitadoras e que a continuación se relacionan:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE		
530G	10	9	10	10	0.83	9	40	88.83
P0PQ	10	7	10	10	0.17	9	9.49	55.66
3O56	10	7	7	10	0.83	9	26.04	69.87
SH0G	0	0	0	0	0.17	4.50	29.98	34.65
P692	6	6	7	10	0.17	0	9.25	38.42
15WM	10	7	10	10	0.17	6	27.24	70.41
MFAH	10	6	7	10	0.33	9	23.78	66.11
9CP5	4	2	4	4	0.17	1.50	0	15.67
PKU5	10	7	7	10	1	9	15.32	59.32

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

Concifa, SL – P692

EXOGA (Excavaciones y Obras públicas Galicia, SL) – PKU5

Marconsa (Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, SL) – MFAH

Oviga, SL – 530G
 Martínez Montes e Hijos, SL –3056
 Antonio Filloy, SA – P0PQ
 Excavaciones Cernadas Valiña, SL – SH0G
 Cosmalca,SL – 15WM
 Hnos. Couto Fandiño, SL – 9CP5

Con data 5 de xullo iníciase o proceso de negociación e envíase a cada unha das empresas unha comunicación onde se transcribía o cadro coas puntuacións totais acadados por cada unha e Indicábase, para que as empresas negociasen se o desexaban ou ben se ratificasen na súa proposta inicial, o importe da oferta económica máis baixa, así como as porcentaxes máis altas dos controis de calidade. Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa fora presentada por Oviga (530G) por importe de 39.720,00 euros e os controis e calidade interno o 1% obrigatorio e o externo o 3%, comprometéndose a destinar ata un 5% para o control interno.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

Empresa	Oferta económica	Porcentaxe calidade
Antonio Filloy, SA	44.407,00 euros	Mantén a oferta inicial Porcentaxe interno: 1% Porcentaxe externo: 3%
Concifa, SL	37.450,33 euros	Porcentaxe interno: 5% Porcentaxe externo: 3%
Martínez Montes, SL	37.389,00 euros	Porcentaxe interno: 8% Porcentaxe externo: 3%
Cosmalca,SL	Ratifícase na oferta inicial 45.000,00 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe interno: 1% Porcentaxe externo: 2%
Cernadas Valiña, SL	Ratifícase na oferta inicial 43.868,86 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe interno: 1% Porcentaxe externo: 1.5%
Couto Fandiño,SL	Ratifícase na oferta inicial 53.577,01 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe externo: 0.5% Porcentaxe interno: 1%
Oviga, SL	Ratifícase na oferta inicial 39.720,00 euros	Oferta ata un 10% para o control interno de calidade

As empresas Marconsa e Exoga non se presentan á negociación, polo que quedan eliminadas no proceso.

Posteriormente realízanse as valoracións e as empresas Martínez Montes, SL e Concifa, SL presentan ofertas con valores anormais ou desproporcionados. Debido a esta situación requíreselle que presenten a correspondente xustificación no prazo e coa documentación que figura no prego de cláusulas administrativas.

Ó presentar a documentación no prazo establecido, o técnico do proxecto e membro deste órgano de negociación, don Julio C. Rojo Martínez, informa que non aprecia desproporcionalidade ou anormalidade en ambas ofertas.

Continúase coa puntuación do conxunto das ofertas e obtéñense as puntuacións que a continuación se transcriben no seguinte cadro:

CONTRATISTAS	A) PROGRA	B) PROGRA	C) PLAN	D) PLAN DE	E) PORCENTAJE	F) OFERTA	TOTAL
--------------	--------------	--------------	------------	---------------	------------------	--------------	-------

	MA TRABAJO	MA ACTUACION AMBIENTAL	CONTROL CALIDAD	SEGUIR DAD Y SALUD	CONTROL CALIDAD		ECONOMICA	
					%CI	%CE		
EXC. CERNADAS VALIÑA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,10	4,50	25,66	30,26
FILLOY	10,00	7,00	10,00	10,00	0,10	9,00	24,24	70,34
OVIGA	10,00	9,00	10,00	10,00	1,00	9,00	34,99	83,99
CONCIFA	6,00	6,00	7,00	10,00	0,50	9,00	39,87	78,37
HERMANOS COUTO	4,00	2,00	4,00	4,00	0,10	1,50	0,00	15,60
COSMALCA	10,00	7,00	10,00	10,00	0,10	6,00	22,67	65,77
MARTINEZ MONTES	10,00	7,00	7,00	10,00	0,80	9,00	40,00	83,80

O órgano de negociación, á vista dos datos obtidos propón a adxudicación da obra á empresa Oviga, SL por importe de 39.720,00 euros. Non obstante será o órgano de contratación o que decidirá.

Boqueixón, 29 de xullo de 2016

Julio C. Rojo Martínez

Adela Lamela Arteaga

Juan M. Corral Sánchez

Á vista das propostas do órgano de negociación a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar, por orde decrecente, as propostas obtidas da negociación para a adxudicación da obra Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Oferta económica	Total
					%CI	%CE		
Martínez Montes	10.00	7.00	7.00	10.00	0.80	9.00	40.00	83.80
Oviga	10.00	9.00	10.00	10.00	1.00	9.00	33.95	82.95
Excomel	10.00	7.00	7.00	7.00	0.50	9.00	37.41	77.91
Concifa	6.00	6.00	7.00	10.00	0.50	9.00	36.48	74.98
Cosmalca	10.00	7.00	10.00	10.00	0.10	6.00	28.00	71.10
Hnos. Couto	4.00	2.00	4.00	4.00	0.10	1.50	0.00	15.60
Cernadas Valiña	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	3.60	3.60

2 Clasificar, por orde decrecente, as propostas obtidas da negociación para a adxudicación da obra Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Oferta económica	Total
					%CI	%CE		
Oviga	10.00	9.00	10.00	10.00	1.00	9.00	34.99	83.99
Martínez Montes	10.00	7.00	7.00	10.00	0.80	9.00	40.00	83.80
Concifa	6.00	6.00	7.00	10.00	0.50	9.00	39.87	78.37
Filloy	10.00	7.00	10.00	10.00	0.10	9.00	24.24	70.34
Cosmalca	10.00	7.00	10.00	10.00	0.10	6.00	22.67	65.77
Cernadas Valiña	0.00	0.00	0.00	0.00	0.10	4.50	25.66	30.26
Hnos. Couto	4.00	2.00	4.00	4.00	0.10	1.50	0.00	15.60

2 Requirit os licitadores con maior puntuación para que presenten, no prazo de 10 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas que reñen a contratación das obras, na que se inclúe a presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

12.Punto de urxencia

A urxencia da inclusión deste punto na orde do día da Xunta de Goberno vén motivada pola imposibilidade da usuaria de acceder, a curto prazo, ao servizo de axuda no fogar a través do sistema de dependencia nas vindeiras semanas, así como polos últimos acontecementos aos que fai referencia o informe social emitido pola traballadora social con data 3 de agosto de 2016.

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno, apróbase a urxencia deste punto e consecuentemente inclúese na orde do día desta sesión.

Logo de ver o informe da traballadora social no que propón un incremento horario na prestación do servizo de axuda no fogar a dona Carmen xxxxx , veciña da parroquia de Lestedo, a Xunta de Goberno acorda:

- Incrementarlle a intensidade horaria ao servizo de axuda no fogar que, na modalidade de libre concorrência, percibe dona Carmen xxxxx , con DNI xxxxx , veciña de Lestedo, xxxxx , de forma que poida percibir unha hora diaria de servizo de luns a venres, cun copagamento consistente en 2,70 € por hora de servizo efectivamente prestada.

- Notificarlle o dito acordo á interesada.

13.Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria accidental.

Visto e prace

A secretaria accidental

O alcalde